

Os colexios do ano 2478 serían máis tecnolóxicos que agora. Habería robots en vez de profesores. Os robots funcionarían cun CD ou formato adecuado para a materia.

Na aula de Informática habería máis ordenadores, programas virtuais e tecnolóxicos para meternos no ordenador como se fose a vida propia.

Na aula de Xeografía, cada alumno tería un casco de realidade virtual que faría que estivésemos na data, lugar e situación con quen quixeramos seleccionándoo cun mando na parte traseira do casco.

As aulas de Lingua Castelá e Galega seguirían igual, o que cambiaría sería que, ao abrir o libro aparecería un holograma táctil co que poder cambiar de páxina, facer apuntes, é dicir, que fose como un ordenador.

No taller de Tecnoloxía intentaríamos facer proxectos para desenvolver novas máquinas e instrumentos para mellorar a nosa vida aínda máis.

En Física e Química poderíamos estudar os materiais doutros planetas grazas a un telescopio capaz de ver os outros planetas, e ademais experimentaríamos con elementos químicos: metais, gases e líquidos para saber todo sobre eles e poder desenvolver outros novos elementos mellores cós anteriores.

Na aula de Debuxo teríamos cada un unha paleta de todas as cores e ademais unha pantalla diante que, ao incluír as cores, puidésemos movelos coas mans, distorsionalos e incluso poder darlles formas, creo que sería a mellor clase de todas. Tampouco nos farían falta o compás, regra, escuadra e cartabón xa que todo era grazas ao programa da pantalla.

Na aula de Música teremos un ordenador capaz de proxectar hologramas dos antigos escritores e músicos de hai tempo co que poderemos ver as súas obras,

audicións e vida en directo como se fose unha película pero só sería un holograma xa que non poderíamos revivir os mortos nin viaxar no tempo.

Non estudariamos nin Latín nin Grego xa que habería linguas completamente novas descubertas fai poucos anos, non obstante o Inglés seguirase estudando xa que será unha lingua principal.

Haberá un recreo no que se poderá asistir a unha sala de xogo e información, na que haberá xogos para poder meterte na pel do que ti queiras: un ninja, un astronauta, un can... tamén poderás asistir á biblioteca virtual na que haberá millóns de libros, CD e outros medios para informarte de todo o que ti queiras.

Non existirían as portas porque na sala de entrada habería transportadores de materia, o que faría que cada un fose directo á súa clase sen excepción nin ter que subir escaleiras nin nada.

O autobús sería conducido por outro robot e non iría pola estrada, iría polo ceo grazas ao invento do reactor a propulsión , o que faría que o autobús levitase e fose polo aire como se voase. Seguiría unha ruta fixa todos os días para recoller aos nenos e as nenas ou alumnos da escola, non usaría gasolina usaría un novo combustible non contaminante xa que funcionaría con aeropropulsión, é dicir, que funcionará coa enerxía do aire.

Cando houberse unha falta de comportamento ou de educación, sería enviada unha nota de inmediato aos pais mediante un correo fixo moi veloz que chegaría de inmediato aos pais dese alumno e que sería penalizado.

Ao final de cada trimestre, as notas serían enviadas aos pais dos alumnos, que as terán que firmar e devolvelas ao profesorado de robots do colexio.

Despois de acabar os estudos, aos alumnos se lles meterá un chip na pel que nos dirá a súa profesión e traballo que máis lle convén e que lle gusta.

A nosa casa non sería a mesma xa que para abrir a porta usaríamos un sistema de recoñecemento de voz e tamén cun escáner de retina có que investigaríamos quen quere entrar na nosa casa. Toda ela funciona grazas a uns paneis solares.

Non nos faría falta movernos moito xa que, para apagar a luz, bastaría con dúas palmadas, a porta pecharía soa en canto a soltemos. Ao sentarnos no sofá ou na butaca, sairía un panel con distintos tipos de bebida, e ao tocar un, sairía un vaso coa bebida seleccionada. As persianas baixaríanse cun mando que controlaría toda a casa: poderíamos apagar a luz, acendela, acender o televisor, abrir as portas... non teríamos que facer case nada.

A cociña controlaríaase mediante a voz, coa que controlaríamos a temperatura para cociñar, abriríamos a neveira, acender e apagar o lume... as neveiras poderán almacenar máis cousas en menos espazo; haberá unha mesa extensible que se alonga segundo o número de persoas que van comer.

A habitación sería a mellor, non habería que facer a cama xa que ao levantarnos faríase ela soa e teríamos unha mesiña pola que sairía o almorzo e non teríamos que levantarnos a preparalo e tamén teríamos unha cámara de vestimentas, na que ao introducirmos elixiríamos a roupa e sairíamos vestidos.

No baño habería duchas con cámara de secado rápido dentro da ducha ou a bañeira, un secador que ao meter as mans, primeiro as lava e enxaboa e logo as seca, tamén teríamos unha máquina para lavar os dentes.